



ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DIA 2 DE AGOSTO DE 2016

Na Casa Consistorial do Concello da Pobra de Trives, ás doce horas do día 2 de agosto de 2016, reuníronse os membros da Corporación Municipal que a continuación se sinalan, co fin de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno e tratar os asuntos que mais adiante apúntanse:

ASISTENTES:

Sr. Alcalde: D. Francisco José Fernández Blanco.

Sres. Concelleiros: D. Domingo Diéguez González, D. Roberto González Castro, D. Octavio Domínguez Rodríguez, D. Juan Carlos Domínguez Gómez, D. Agustín Rodríguez Rodríguez y D. Jorge Vázquez Rodríguez.

Excusan a súa asistencia: D^a María Isabel González Fandiño, D^a Marta María Domínguez González, D. Jesús Prieto Pérez y D. Sergio de Prado Agudo.

Sr. Secretario: (Secretario-Interventor Asesor da Asesoría Xurídica de Deputación Provincial de Ourense): D. Francisco Javier Llorente Serrano.

ASUNTOS TRATADOS NA SESION:

PRIMEIRO: APROBACIÓN DE CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA.

Declarada aberta a Sesión polo Sr. Alcalde, e unha vez comprobada a existencia de Quorum necesario para poder ser iniciada, o Sr. Alcalde procede en primeiro lugar a xustificar o cambio de data da Sesión Ordinaria pola situación da Secretaría-Intervención do Concello. Este Concello aproba por maioría absoluta coa abstención de D. Jorge Vázquez Rodríguez o cambio de data da Sesión Ordinaria que debería haberse celebrado o día 28 de xullo de 2016 ao día de hoxe.

SEGUNDO: APROBACION DO ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31 DE MAIO DE 2016.

Seguidamente procédese á aprobación do Acta da Sesión de data 31 de maio de 2016. Non se presenta ningunha alegación, polo que queda aprobada nos termos en que viña redactada por unanimidade.

TERCEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, FESTIVOS LOCAIS 2017.

O Sr. Alcalde propón como días festivos para o ano 2017 os seguintes: 24 de agosto como San Bertomeu e 14 de setembro como Festa do Cristo.

Este Concello aproba por unanimidade, que se corresponde coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación:

1.- Sinalar como días festivos para o próximo ano 2017 as seguintes datas: 24 de agosto como San Bertomeu e 14 de setembro como Festa do Cristo.

2.- Comunicar este acordo á Delegación Provincial da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

CUARTO: DAR CONTA AO PLENO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.

O Pleno é informado dos Decretos adoptados polo Sr. Alcalde entre as datas 1 de xuño de 2016 (num. 51) e 26 de xullo de 2016 (num. 114)

O Pleno queda decatado das Resolucións que se lle deron a coñecer.

QUINTO: ASUNTOS DE URXENCIA.

Non se presentan.

SEXTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan

E non habendo mais asuntos que tratar levantouse a sesión ás doce horas e dez minutos. De todo isto como Secretario dou fe e certifico por medio do presente Acta.

VºBº

O ALCALDE

O SECRETARIO,

